



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Técnico/a de turismo

Por Resolución da Alcaldía núm. 1460/2022, de data 27 de abril de 2022, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura temporal dun posto de Técnico/a de Turismo do Concello de Arteixo, que de seguido se expoñen:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TÉCNICO/A DE TURISMO DO CONCELLO DE ARTEIXO

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a contratación dun/ha Técnico/a de Turismo, como persoal laboral temporal de duración determinada por circunstancias da produción, de acordo co establecido na Resolución da Presidencia da Deputación de A Coruña núm. 4586/2022, do 25 de xaneiro (BOP de A Coruña núm. 18, do 27 de xaneiro de 2022, que aproba as bases reguladoras do programa de subvencións a Concellos e agrupacións de concellos para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de Turismo en 2022), por un prazo de cinco meses, a xornada completa, ao abeiro da seguinte normativa:

1. Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
2. Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia.
3. Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
4. Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
6. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
7. RD legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
8. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
9. Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

2.-CARACTERÍSTICAS DO POSTO A CUBRIR E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

2.1. As funcións propias do posto de traballo de Técnico/a de Turismo son: atención ao público e atención telefónica, informando aos interesados sobre os principais recursos turísticos de Galicia, especialmente os do propio Concello e da provincia da Coruña, dar resposta á información demandada a través de correo ordinario, fax e correo electrónico, preparación de material promocional turístico para distintas feiras e eventos, colaborar no deseño e na elaboración de rutas municipais e comarcais, realización de visitas guiadas, archivar documentos e informes, cubrir formularios, elaborar memorias de actividade e informes estadísticos, e realizar plans de dinamización turística.

2.2. As retribucións brutas do posto de Técnico/a de Turismo serán de 1.803,80€, ao mes.

2.3. A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción. A duración do contrato será de cinco meses, a xornada completa.

2.4. Elaborarase unha Bolsa de Emprego coas persoas candidatas que superen o proceso selectivo, que terá unha vixencia de tres anos, a contar dende a primeira contratación efectuada, de acordo co previsto na Base 9.

3.-SISTEMA DE SELECCIÓN.

3.1. O procedemento de selección será o de concurso-oposición, por quenda libre.

3.2. A fase de oposición consistirá na realización dos exercicios que se enumeran nestas bases, coa forma e sistema de cualificación nelas descritos.

4.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de expiración do prazo de presentación de instancias, de acordo co artigo 56 TREBEP, os seguintes requisitos:

4.1. **Idade.**—Ter cumpridos 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.

4.2. **Nacionalidade.**—Cúmprese este requisito nos seguintes casos:

a) Ser español/a.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, de acordo co artigo 57 do TREBEP

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevea o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinteun anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.

d) Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

4.3. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data límite de presentación de instancias, dalgún dos seguintes títulos:

1. Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
2. Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
3. Grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
4. Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
5. Grao ou licenciatura en Humanidades.
6. Grao ou licenciatura en Xeografía e Ordenación do Territorio.
7. Grao ou licenciatura en Historia.

As titulacións hanse de acreditar mediante documento oficial, expedido polo organismo competente, e no caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarse ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporarse tal tradución oficial.

4.4. Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

4.5. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

4.6. Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto. No suposto de aspirantes con grao recoñecido de diversidade funcional, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas, indicando no seu caso, as adaptacións concretas que precisan.

A tal fin os aspirantes han de achegar fotocopia compulsada do ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, que acredite de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se a persoa aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba que se vai realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

4.7. Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).

4.8. Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, dirixida ao Sr. alcalde-presidente, segundo o modelo do anexo I, na que se fará constar que se reúnen todos os requisitos establecidos na Base 4 desta convocatoria.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

O prazo para a presentación das solicitudes será de DEZ DÍAS NATURAIS, que se iniciarán o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Arteixo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como enviando a documentación ao correo rexistro@arteixo.org.

Xunto coa publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, tamén se procederá á publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de edictos do Concello de Arteixo e na páxina web municipal, no apartado de selección de persoal.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Para ser admitido/a e tomar parte no proceso selectivo os/as aspirantes, deberán achegar, inescusablemente, xunto coa instancia, copia da seguinte documentación:

a) Xustificante de ingreso de dereitos de exame nos servizos económicos municipais (tesourería). A tal fin, os aspirantes deben solicitar o impreso de autoliquidación de taxas no correo rendas@arteixo.org, para poder proceder ao pago. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Ademais, a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.

Quedarán exentos/as do pagamento das taxas de dereito de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten situación de discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de discapacidade superior ao 33% ou certificado do INEM de estar en situación de desemprego durante 1 ano ou máis tempo) segundo a ordenanza fiscal n.º 11 do Concello de Arteixo.

Os dereitos de exame establécense en 30,20€, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a no proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é, unicamente a aqueles/as aspirantes que resulten excluídos/as na listaxe definitiva.

b) Documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.

c) Título ou acreditación do requisito de titulación.

d) Título do CELGA IV ou análogo que exima da realización da proba de lingua galega.

e) Memoria.

f) Carnet de conducir tipo B.

g) Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso (Anexo II), e fotocopia dos documentos xustificativos. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6.-ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

6.1. Listaxe provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde-presidente ou Concelleiro delegado ditará resolución na que se declarará aprobada a listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org).

6.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión, no caso de proceder enmeda ou subsanación. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/a aspirante provisionalmente excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da listaxe de aspirantes. E, de non existir aspirantes excluídos/as ou sendo inviable a subsanación por non reunir os requisitos establecidos para participar na selección, ou non habendo reclamacións, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional, constituíndose o Tribunal seleccionador e dando inicio ao proceso selectivo.

6.3. Listaxe definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde-presidente ou concelleiro delegado ditará resolución na que se aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e se resolvan as reclamacións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.arteiro.org). No caso de que, por circunstancias excepcionais, houbera que modificar o lugar, a data ou a hora das probas, publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

7.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1. No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, determinarase a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

7.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

- Presidente/a: persoal funcionario do Concello de Arteixo ou doutra administración local (titular e suplente)
- Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: o/a secretario xeral da Corporación ou funcionario da Corporación que lle substitúa (titular e suplente).
- Vogais: tres vogais, sendo funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración local (titular e suplente).

Todos os membros do tribunal, titulares e suplentes, deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma. No suposto de ser elevada a listaxe provisional a definitiva, os supostos de abstención/recusación poderán realizarse ate o momento de efectivo inicio da fase de oposición (previa á de concurso).

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do presidente e do secretario, titular ou suplente.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as ditas circunstancias.

7.3. Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/desestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros da Tribunal cualificador, de ser o caso.

8.-PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición, sendo que a fase de oposición será previa á de concurso, e unicamente pasarán á fase de concurso, os/as aspirantes aptos/a na oposición.

A data e a hora na que deberá constituírse o Tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo alcalde mediante resolución, xuntamente coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello ("selección de persoal").

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan a realizalo, salvo casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Comezada a práctica dos exercicios, o tribunal poderá requiririlles en calquera momento aos opositores que acrediten a súa identidade

Na fase de oposición, a orde de actuación dos aspirantes iniciarase por aquelas persoas aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "T", de acordo coa Resolución de 28 de xaneiro de 2022 da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2022).

A publicación dos resultados obtidos en cada un dos exercicios, así como os anuncios convocando ós/ás aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no taboleiro de edictos do Concello, e complementariamente na web oficial do concello de Arteixo, no apartado de "selección de persoal".

8.1. Fase de oposición (máximo de 15 puntos): de carácter obrigatoria e eliminatória.

1.º EXERCICIO: Memoria.

A. Memoria: elaboración dunha memoria, que deberá presentarse dentro do prazo de presentación de instancias, coas seguintes características: extensión non superior a 10 folios, formato A4, indistintamente en castelán ou galego, que versará sobre unha proposta de organización e funcionamento dunha oficina de turismo en Arteixo para un período de 5 meses.

B. Defensa da Memoria: na que se procederá á defensa da memoria por parte do/a aspirante perante o Tribunal, durante un tempo máximo de 15 min, indistintamente en castelán ou galego e, na que o Tribunal poderá facer todas as preguntas que considere oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/a candidato/a para poder proceder posteriormente á súa avaliación.

C. Os criterios de cualificación da Memoria, ata o máximo de 15 puntos, serán os seguintes:

a) Ata un máximo de 10 puntos: avaliación do contido, apoio teórico, pragmatismo e orixinalidade da programación elaborada.

b) Ate un máximo de 5 puntos: estruturación da programación realizada, capacidade de síntese e aptitude amosada na presentación perante o Tribunal.

Dado o carácter eliminatorio da oposición, será preciso acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar esta fase.

2.º EXERCICIO: exame Lingua Galega (carácter eliminatorio)

Proba dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e/ou escriben correctamente o galego. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Aos/ás aspirantes que acrediten, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de "apto", para o que se lles esixirá o título Celga IV ou

equivalente (perfeccionamento) de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, na que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga IV), no seu artigo 2.4.

No suposto de non estar exentos/as deste exercicio, os/as aspirantes deberán obrigatoriamente realizar unha proba que consistirá nunha tradución escrita inmediata dun texto facilitado polo Tribunal en lingua castelá, á lingua galega, e que será cualificada como apto/non apto. Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico. A duración máxima deste exercicio será de 30 minutos.

8.2. Fase de concurso (máximo 10 puntos), correspondente ao 40% da puntuación total do proceso selectivo. A fase de concurso de méritos dos aspirantes valorarase de conformidade ao baremo establecido no apartado seguinte e só pasarán á mesma os/as aspirantes que superen a fase de oposición.

Non será eliminatorio non obter ningún punto na fase de concurso e a puntuación obtida será sumada á acadada na fase de oposición, polos/as aspirantes que superaron a dita fase.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente.

A. EXPERIENCIA PROFESIONAL como técnico/a de turismo (ata un máximo de 5 puntos):

a) Na Administración Pública: 0,20 puntos por cada mes completo.

b) Na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Experiencia na Administración Pública: certificado de servizos prestados emitidos pola administración correspondente.
- Experiencia na empresa privada: informe de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto con documentación acreditativa que especifique o posto de traballo e/ ou funcións desenvolvidas (contrato ou certificado empresa).

B. MÉRITOS ACADÉMICOS (FORMACIÓN), relacionada co posto de Técnico/a de Turismo (ata un máximo de 5 puntos).

- Cursos de especialización, impartidos en centros oficiais ou homologados, ou entidades públicas, relacionados co sector turístico (ata un máximo de 2,5 puntos):

a) Máster ou posgrao:..... 0,50 puntos.

b) Cursos de 100 horas ou máis:.....0,30 puntos.

c) Cursos de 50 a 99 horas:0,20 puntos.

d) Cursos de 20 a 49 horas:..... 0,10 puntos.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

- Pola posesión do carné de Guía Turístico Especializado de Galicia: 0,5 puntos
- Pola posesión do certificado de profesionalidade de Promoción Turística Local e Información ao visitante (HOTI0108 ou análogo): 0,5 puntos.
- Idiomas acreditados (ata o máximo de 1,5 puntos e unicamente se valorará o de maior nivel):
 - Idioma galego: sendo requisito o Celga IV, valorarase o curso de linguaxe administrativa nivel medio con 0,25 puntos e o de nivel superior con 0,5 puntos.
 - Outros idiomas: valorarase o coñecemento de outros idiomas relacionados co posto de traballo impartidos e/ ou homologados por centros oficiais, Universidades e Administracións Públicas e segundo o marco europeo das linguas:
 - Nivel usuario básico: A1: 0,15 puntos e A2: 0,30 puntos.
 - Nivel usuario independente: B1: 0,45 puntos e B2: 0,60 puntos.
 - Nivel usuario competente: C1: 0,85 puntos e C2: 1 punto.

9.-RELACIÓN DE APROBADOS.

9.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. O Tribunal publicará no taboleiro de edictos e na paxina web do Concello (www.arteirox.com).

org) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na fase de oposición, maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de concurso; maior puntuación no apartado posesión do carné de guía turístico especializado de Galicia; maior puntuación no apartado cursos de especialización relacionados con sector turístico. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra "T", segundo Resolución da Consellería de Facenda.

9.2. As persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de selección cada vez que finalice unha valoración ou proba. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente. A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración da proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. En todos os casos para a presentación das reclamacións dispónse dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

9.3. O/a aspirante coa maior puntuación será o proposto/a para contratación, establecéndose unha Bolsa de Emprego, coa creación dunha lista de substitución segundo a prelación das cualificacións finais dos/as aspirantes, para situacións de baixas, renuncias e vacantes ou similares para contratacións temporais de técnicos de turismo. O funcionamento desta listaxe estará limitada temporalmente a 3 anos máximo, a contar dende a primeira das contratacións temporais efectuadas.

10.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN.

10.1. O/a candidato/a seleccionado/a proposto/a para contratación, terá que presentar no departamento de Persoal do Concello de Arteixo, dentro dos dez días naturais a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, toda a documentación requirida para poder ser contratado como persoal laboral, entre outra, os orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa do requisito de titulación e dos méritos alegados.

10.2. O/a candidato/a seleccionada/o, se cumpre os requisitos previstos, será contratada/o previa resolución do alcalde ou concelleiro/a delegado.

10.3. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que o/a aspirante proposto/a para contratación carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse á súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na solicitude inicial.

10.4. No caso de que a/o candidata/o seleccionada/o non poda ser contratada/o por non ter presentado a documentación requirida, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro aspirante, seguindo a orde de prelación de cualificacións finais da Bolsa de traballo, listaxe segundo orde de prelación de aspirantes, publicada polo Tribunal de selección na paxina web do Concello (www.arteixe.org). Igualmente, no suposto de existir outras subvencións similares para contratación de técnicos de turismo, utilizarase a Bolsa de traballo, listaxe segundo prelación, ate un máximo de 3 anos, dende a primeira das contratacións. O funcionamento desta Bolsa rexerase polo establecido con carácter xeral para as bolsas de substitucións e contratacións/nomeamentos de carácter temporal do Concello de Arteixo, sendo que os/as aspirantes permanecerán na mesma posición na listaxe no caso de que sendo contratados/as a duración do contrato sexa inferior ao tempo establecido para xerar dereito de subsidio de desemprego. Así mesmo, se por causa xustificada renunciase a unha oferta temporal unha primeira vez, manterá a posición na listaxe, mentres que o segundo rexeitamento situará aos aspirantes na derradeira posición da lista e un terceiro rexeitamento suporá a eliminación da mesma. Considerarase causa xustificada de rexeitamento dunha oferta laboral, atoparse en activo noutra Administración, entidade pública ou empresa privada, así como a situación de baixa médica incapacitante e/ou desfrute de permiso de maternidade, ou paternidade.

11.-BASE FINAL.

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións do Tribunal en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos/as interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do proceso selectivo naqueles aspectos previstos ou non, nestas Bases, sendo aplicable para o non previsto na presente convocatoria a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a, con DNI núm.
....., con enderezo
....., C.P., localidade
..... e teléfono de contacto e email

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do proceso selectivo para contratación laboral temporal do posto de

TÉCNICO/A DE TURISMO

e declarando explicitamente coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da base 4.^a (base 4.6: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible do desempeño das correspondes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo e sinalarán na instancia se precisan adaptacións para realización das probas, e base 4.5: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme).

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cun X):

- DNI (copia).
- Titulación de acceso (copia), Celga IV (de ser o caso) e carnet tipo B.
- Relación dos méritos e fotocopia dos documentos xustificativos.
- Memoria.
- Taxas dereito exame (copia, certificación de desemprego de longa duración ou certificado de minusvalía)

SOLICITA:

Sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Data, DNI e sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.—De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO N.º 1, 15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, N.º 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

Ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Arteixo

ANEXO II

MODELO DE CURRÍCULO AUTOBAREMADO

(Encher un currículo autobaretrado ou modelo idéntico en estrutura, debendo entregar unicamente a documentación acreditativa dos requisitos e méritos segundo as presentes bases)

D./D.^a, con DNI, optando ao posto de Técnico/a de Turismo, achega o presente xunto coa instancia de participación e documentación acreditativa dos méritos alegados.

AUTOBAREMO (para autobaretrar os seus méritos siga estritamente o establecido no artigo 6 das bases reguladoras e verifique que achega a documentación acreditativa solicitada segundo as mesmas):

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 5 puntos).

Admón. // Empresa	Datos	Meses	Grupo cotización	Puntos
Concello de Arteixo	01-01-2010 ao 01-03- 2010	2 meses	-	2 x 0,20 = 0,40
Surf Arteixo	01-07-2015 ao 01-09-2015	2 meses	-	2 x 0,10 = 0,20

(Engada tantas liñas como necesite)

PUNTUACIÓN APARTADO A (MÁXIMO 5 PUNTOS) puntos

B. FORMACIÓN (máximo de 5 puntos)

Entidade formadora	Título curso	N.º horas lectivas	Puntos
Diputación Coruña	O turismo na Costa da Morte	60	0,20
Carné	Guía Turístico especializado	-	0,50
Francés C1	EOI C1 Francés	-	0,85

(Engada tantas liñas como necesite)

PUNTUACIÓN APARTADO B (MÁXIMO 5 PUNTOS) puntos

TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO:
PUNTUACIÓN A+B = puntos

En, día de..... de (data/mes/ano)

Sinatura do/a aspirante:

En Arteixo, a 27 de abril de 2022.

Asinado: Carlos Calvelo Martínez

Alcalde-presidente